

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION O DIA
31 DE MARZO DE 2017**

Asistentes

SR. ALCALDE:

FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ
BERNARDO VARELA LÓPEZ
MARIA ELENA SUÁREZ ESTEVEZ

MARIA TERESA DEVESA GRAÑA
MANUEL CID PÉREZ
ALBERTO CONDE RODRIGUEZ
MARIA ISABEL POISA REY

Polo PP:

LUZ DOPORTO REAL
MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ

Polo PSdeG-PSOE:

ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA

SECRETARIO:

Don Maximino Jardón Pedras

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Allariz, cando son as VINTE HORAS (20:00) do día TRINTA E UN de MARZO do DOUS MIL DEZASETE, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros á marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco García Suárez, a fin de celebrar unha sesión ordinaria polo Pleno da Corporación.

Non asisten á sesión:

- FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO LOSADA, concelleiro do BNG
- JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ, concelleiro do PP.

Previamente comunicaron a súa ausencia por razóns persoais.

Sen incidencias.

ORDE DO DÍA

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión celebrada O 24.02.2017.**
2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**
3. **Dar conta do Decreto de data 27.02.2017 polo que se aproba a liquidación do exercicio 2016.**
4. **Ordenanza de Transparencia, acceso á información pública e reutilización de datos.- Aprobación inicial, se procede.**
5. **Adhesión do Concello de Allariz ao Código Ético e de Bo Goberno, incluído no Plan de Transparencia e Bo Goberno promovido pola Fegamp.**
6. **Moción do PSdeG-PSOE sobre ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial de dominio local por parte das instalacións de transporte e enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos.**
7. **Rogos e Preguntas.**

---&&---

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión celebrada O 24.02.2017.**

Apróbase, sen modificación alguna, pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local.

Non obstante, se ben nada ten que ver coa aprobación da acta, que se axusta ó debatido e acordado na sesión plenaria, tómase razón da observación feita pola portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, que aclara que no punto relativo a *rogos e preguntas* seguramente non se lle entendeu correctamente a pregunta relativa ás torres [“torreta de luz que hai instalada dende fai anos na rúa das Laxas, dirección Paicordeiro”, dicía daquela na pregunta] porque falaba das “torretas en desuso” non de liñas en activo, concretamente refírese a unha das torretas que hai nun motículo en As Laxas.

O alcalde acepta que seguramente non lle entendeu correctamente a pregunta, porque él constestou a outro suposto que é o da liña que hai alí na que unha parte foi soterrada ó facer a variante de Rosalía de Castro. Toma nota dela e recabará información para ver cál é a situación.

2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**

Están a disposición dos grupos políticos no Libro de Decretos, na Secretaría, sinala o alcalde.

3. Dar conta do Decreto de data 27.02.2017 polo que se aproba a liquidación do exercicio 2016.

Da conta o Alcalde sinalando que, como xa ven sendo habitual, é importante para o concello poder efectuar en tempo e forma a aprobación das contas municipais, neste caso a liquidación do exercicio 2016 para poñer en marcha o proceso de aprobación da Conta Xeral para a súa remisión ó Consello de Contas. A liquidación -sinala- reflicte uns aspectos positivos que é preciso destacar, como son os dereitos recoñecidos netos por importe de 5.739.882 € e cunhas obrigas recoñecidas netas de 5.362.780 €, é dicir, un resultado orzamentario positivo de 377.102 €, o cal é mais significativo e relevante se se comparan os ingresos ordinarios (5.537.176€) cos gastos ordinarios (4.301.033€), é dicir, 1.236.143€ de resultado positivo o cal permite facer frente aos pagos derivados da amortización dos préstamos e pólizas de crédito e tamén atender á inversión. Niste sentido, recorda que as pólizas de crédito reducíronse en 150.000€ (Abanca), tamén se amortizaron préstamos por importe de 582.764€, quedando a débeda de préstamos en 3.757.841€. A liquidación tamén prantexa para o concello a mellora doutros indicadores, fundamentalmente no pago a provedores pásase de 62 no 2015 a 57 no 2016, e cun remanente de tesourería positivo, froito, fundamentalmente, da redución das pólizas de crédito. Destaca tamén o esforzo inversor feito no exercicio no que o mantemento dos servizos municipais e da calidade de vida ten sido un obxectivo fundamental que supuxo unha aposta do 10% do orzamento en inversións destacando as melloras efectuadas nas instalacións da piscina climatizada, tamén no entorno do centro médico en As Laxas, Pasarela do Rio Arnoia, adquisición da máquina barredora, saneamento e abastecemento nas diferentes parroquias, sinaladamente na Quinta de Coedo e As Pegas, e tamén programas de dinamización económica que se puxeron en marcha. Todo elo haberá ocasión de examinalo con detalle no trámite de aprobación da conta xeral. A liquidación conta cos informes preceptivos da Secretaría-Intervención sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto. Sinala finalmente que a liquidación xa foi trasladada ao Ministerio de Facenda (MINHAP) a través da plataforma da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira das Entidades Locais.

Polo exposto, tómase razón do Decreto de data 27.02.2017 dictado nos seguintes termos:

DECRETO DO ALCALDE

Allariz, 27 de febreiro de 2016

ASUNTO: Liquidación exercicio 2016.

Visto que con data 20/02/2017 incoouse procedemento para aprobar a liquidación do orzamento do exercicio 2016.

*Visto que a liquidación practicada pon de manifesto un resultado **orzamentario do exercicio de 377.102,96 euros** (DRN 5.739.872,01€ – 5.362.769,05€ ORN) e un **resultado orzamentario axustado de 350.081,06€** (-27.021,90€ de axustes por desviacións de financiación).*

Visto o informe favorable do Secretario-Interventor conclúe que a Entidad local cumpre o obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e cumpre, así mesmo, o obxectivo da Regra do Gasto.

De conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990, sobre materia orzamentaria.

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar a liquidación do Orzamento Xeral de 2016.

SEGUNDO. Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, de acordo co disposto nos artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

TERCEIRO. Ordenar que se redacte un Plan Económico Financeiro que permita no ano en curso e o seguinte o cumprimento do obxectivo da regra de gasto.

CUARTO. Ordenar a remisión de copia de dita Liquidación aos órganos competentes, tanto da Delegación de Facenda como da Comunidade Autónoma.

*O ALCALDE,
Francisco García Suárez*

O Secretario

4. Ordenanza de Transparencia, acceso á información pública e reutilización de datos.- Aprobación inicial, se procede.

Da conta o alcalde sinalando que na pasada sesión plenaria aprobouse unha moción do grupo municipal socialista na que se prantexaba a elaboración desta ordenanza. Como consecuencia daquel debate trasladouse aos grupos municipais un borrador para suxerencias e observacións con carácter previo á comisión informativa de facenda o cal foi dicataminado favorablemente, co acordo unánime dos tres grupos. A ordenanza complementase co Código Ético do Bo Goberno que se abordará no seguinte punto froito tamén dunha moción do grupo municipal socialista que aceptou incluílo en forma de proposta de adhesión do concello sobre un texto elaborado pola Fegamp.

A ordenanza, sinala o alcalde, non é unha competición para escalar nun ranking senón que ten como obxectivo mellorar a calidade, mesmo da nova web municipal, que debería estar actualizada no mes de maio, incorporando o proceso de administración electrónica que finalmente vai ser xestionada de forma ventaxosa por un servidor de servizos en base a unha plataforma informática contrastada en moitos concellos. Esta plataforma, ademais de ser mais económica (implantación gratuita, con abono das cuotas de mantemento) que a opción que promove a Deputación, ten a ventaxa de incorporar os formularios que facilitan o seu uso polos usuarios. Cumprindo por tanto esta resolución incrementárase a información facilitada na web municipal e por outro lado facilitando a implantación da administración electrónica. Con esta nova ferramenta que vai facilitar a xestión da documentación administrativa e dos expedientes cunha implantación progresiva a partir do mes de maio. Agradece aos grupos municipais, sinaladamente ao grupo socialista, a iniciativa e as propostas.

Polo grupo municipal do Partido Popular non hai intervencións.

Polo grupo socialista a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, devolve o seu agradecemento á Corporación municipal polo seu apoio ás mocións presentadas polo grupo municipal socialista e suliña tres puntos que lle parecen importantes. Destaca que se preste atención ós medios de acceso á información pública aos que se refire o artigo 11 da ordenanza (oficinas de información, páxina web municipal ou sede electrónica e o servizo de información telefónica) que lle parece que son tres puntos aos que hai que prestar especial atención, así como tamén ás medidas de execución ás que se refire a Disposición Transitoria Única: "adequación das estruturas organizativas, o réxime interno e adaptación da normativa municipal". En canto á adhesión ó código ético e do bó goberno, a través dun exercicio de democracia, cumprírianse os obxectivos principais que serían a integración da dimensión ética no funcionamento da entidade local, a incorporación das estratéxias de actuación para a consecución dunha democracia real e efectiva a través da participación cidadá e o goberno aberto, a definición clara das liñas básicas que deben presidir a xestión pública local e o reforzo dos estándares de conducta no exercicio de responsabilidades públicas. Delimitar as pautas para as axeitadas relacións entre os campos de goberno e a administración humanizando as relacións internas. Suliñar tamén que Allariz, que é modelo en moitas outras cousas, ten que facer un esforzo para seguir avanzando e ir mais alá dos estándares da lei, fagámolo tamén no exercicio da transparencia e bo goberno cumprindo o seu articulado.

Conclúe o Alcalde sinalando que toma en consideración estas suxerencias. En todo caso, con esta aprobación inicial haberá unha exposición de trinta días para alegacións e suxerencias.

Polo exposto,

Visto o expediente tramitado.

De conformidade coo dictamen favorable da comisión de facenda do 28.03.2017.

O Pleno, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables dos concelleiros do BNG (8) e do PSdeG-PSOE (1), coa abstención do PP (2), ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar Ordenanza de Transparencia, acceso á información pública e reutilización de datos do Concello de Allariz.

SEGUNDO. Dispoñer que se someta a información pública e audiencia aos interesados por prazo de trinta días hábiles para presentación de reclamacións e suxerencias, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro municipal e na páx. Web do concello. Prazo que se empezará a contar desde o día segunda data de publicación do anuncio no BOP.

TERCEIRO. As reclamacións e suxerencias presentadas dentro do prazo serán resoltas polo Pleno na aprobación definitiva. No caso de que non se presentara ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

CUARTO. Facultar ao Sr. Alcalde para expedir e asinar cantos documentos sexan necesarios para a debida execución destes acordos.

5. Adhesión do Concello de Allariz ao Código Ético e de Bo Goberno, incluído no Plan de Transparencia e Bo Goberno promovido pola Fegamp.

Da conta o alcalde sinalando que o código forma parte do Plan de Transparencia promovido pola Fegamp e non vai reiterar a argumentación porque xa se fixo referencia a él no punto anterior, únicamente destaca o Código sistematiza un conxunto de obrigas que teñen que ver con disposicións legais nun caso; tamén constitúe unha orientación da acción de goberno sobre principios cos que o grupo municipal do BNG está de acordo e polo tanto pode ser un referente no marco de goberno. Agradece expresaamente a disposición da concelleira socialista para que se trasladara ao pleno como proposta e non como moción de grupo.

Polo grupo municipal do Partido Popular non hai intervencións.

Tampouco hai intervencións, por parte do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

Polo exposto,

Visto o expediente tramitado.

De conformidade coo dictamen favorable da comisión de facenda do 28.03.2017.

O Pleno, pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta coporación local, ACORDA:

PRIMEIRO. Manifestar a súa vontade de adhesión ao Código Ético e de Bo Goberno incluído no Plan de Transparencia e Bo Goberno da Fegamp, dacordo co seu procedemento de adhesión, e cumprir o seu articulado.

SEGUNDO. Notifíquese o acordo de adhesión á Fegamp e publíquese un anuncio de adhesión no BOP e o texto íntegro do acordo xunto co Código Ético e de Bo Goberno na páx. Web do concello.

TERCEIRO. Facultar ao Sr. Alcalde para expedir e asinar cantos documentos sexan necesarios para a debida execución destes acordos.

6. Moción do PSdeG-PSOE sobre ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial de dominio local por parte das instalacións de transporte e enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos.

Da conta da moción de data 22.03.2017, núm. 958, presentada polo grupo municipal socialista de Allariz, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, nos seguintes termos:

Exposición de motivos:

As recentes sentenzas do Tribunal Supremo que afectan á situación das empresas que xestionan as redes de transporte de electricidade, gas, auga e hidrocarburos, respecto do uso que fan do dominio público, veñen a afectar á recadación municipal, en conformidade co que establece o artigo 20 da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Ditas sentenzas veñen a referendar o dereito dos concellos e establecer taxas por calquera suposto de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, do que se infire que afecta aos medios de transporte aéreos e terrestres (tubaxe, tendidos, galerías, etc) que empregan as compañías subministradoras de enerxía eléctrica, gas, hidrocarburos e auga. Dado o especial aproveitamento que estas compañías fan, no que hai un afán de lucro polo servizo que ofertan, o Tribunal Supremo veu a ratificar o dereito das entidades locais a gravar o uso dun espazo que é de dominio público.

Tendo en conta, ademais, a situación de crise no financiamento dos concellos e a especial atención que deben por para cumprir co seu teito de gasto, a opción de establecer taxas e estas compañías, resulta de interese á hora de captar ingresos locais. O establecemento dunha ordenanza reguladora destas taxas dirixidas a unhas empresas que reciben un claro beneficio polo uso dese dominio público, revertería no ben común da cidadanía ó contar, os concellos, cun plus de financiamento para os servizos que ofrece.

Así mesmo, dende o Partido Socialista, consideramos que deixar de cobrar esta taxa polo aproveitamento do dominio público crea un grave precedente de discriminación posto que calquera actividade empresarial que derive nun uso privativo do que é de todos e todas, debe tributar a favor do ben común. Asemade, no caso das empresas subministradoras de enerxía, os cidadáns veñen soportando continuas subas nos recibos de electricidade e gas sen que haxa unha contraprestación polo uso que fan do dominio público. Todo isto tradúcese nun amplo marxe de beneficio para estas empresas que non se ve traducido no que devolven á sociedade dona dos recursos e dominio que empregan.

Toda vez que o máis alto tribunal do Estado reafirmou a legalidade das ordenanzas reguladoras destas taxas que estableceron varias entidades locais no seu día; é hora de que todos os concellos, incluído o noso, valoren a conveniencia de establecer esta mesma ordenanza adaptada ás necesidades de cada un e baseada en criterios claros e definidos. Á hora de redactar este tipo de ordenanza é preciso determinar, con moita regurosidade e eficiencia, en base a que criterios se establecen os gravames impostos. Como regra xeral, deberemos analizar a situación concreta da nosa tributación propia no que se refire ó feito imponible das taxas, é dicir, que queremos gravar en concreto, podéndose dar o caso que haxa varios feitos imponibles (explotación ou instalación, por exemplo). Así mesmo, debe comprobarse a compatibilidade con outras normas e taxas xa existentes e realizar un exhaustivo informe técnico-económico que apoie a referida taxa en base ó caso concreto do noso concello (metros de tendido, tipo de chan, etc).

Do mesmo xeito, é imprescindible determinar o valor do mercado desa utilidade que queremos gravar, polo que o informe técnico-económico debe ter en conta o valor catastral do chan e o tipo de chan do que estamos a falar, así coma indicar o método de cálculo que se vai empregar para establecer os presos segundo o valor de utilidade. Dadas as especiais características do establecemento destas taxas, cómpre que o noso concello reciba e demande toda a axuda técnica que fose precisa para facer unha ordenanza e inventario co máximo rigor e eficiencia e que xustifique, do xeito máis exacto, o establecemento de taxas propostas.

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista no concello de Allariz, presenta, para a súa consideración e aceptación, a esta Corporación Municipal, o seguinte,

ACORDO:

Creación dunha Ordenanza Municipal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial de dominio público local por parte das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos”.

Intervén a continuación o alcalde para indicar que o grupo municipal de goberno está de acordo co prantexamento que se fai na exposición pero sinala que, desde o momento en que se coñeceron os pronunciamentos do Tribunal Supremo, xa se empezou a estudar a súa aplicación, se ben prantéxanse dificultades que compre aclarar. Actualmente, o concello percibe uns ingresos do 1,5% da facturación das empresas eléctricas en concepto de taxa polo uso habitual dos voos, solos e subsolos, facturación que o concello está seguindo con moita rigurosidade e mesmo fixo unha inspección tributaria no ano 2014 porque non estábamos conformes coa facturación declarada polas empresas, a resultas da cal levantáronse actas de conformidade froito das cales o concello conseguiu ingresos a maiores por importe de 91.407 euros o cal provocou unha maior facturación declarada anualmente en relación ao subministro. Da taxa da que se está a falar agora afectaría ás liñas de alta tensión, porque Arteixo ten outras canalizacións como son as de Reganosa; non é o caso de Allariz, en que todas as empresas subministradoras de enerxía xa contribúen coa taxa do 1,5%, actualmente no entorno dos oitenta mil mil euros anuais. A maiores, o concello tamén fixo un especial esforzo administrativo cun examen de toda a facturación da empresa Gas Natural froito do cal descubriuse un cobro inxustificado pola enerxía reactiva, presentouse a correspondente reclamación por importe de 162.078€ no ano 2015 que a empresa ingresou na tesourería municipal.

Sobre esta taxa que se propón na moción as dificultades que presenta é que se refiren basicamente a instalacións de REE que afecten ao dominio público municipal, porque o dominio privado non computa. Hoxe mesmo nos medios aparecen unhas declaracións do presidente de REE que reclamaba algún tipo de acordo entre o Ministerio de Economía e a Femp sobre os parámetros para a aplicación, no seu caso, desta taxa, pero tamén avanzaba que REE reclamarían sistemáticamente contra calquer medida que se puxera en marcha ó abeiro desta sentenza polos concellos. O concello ten identificado cál sería o percorrido destas liñas a través do dominio público municipal e ten bastante complexidade identificar superficies ocupadas o cal é necesario saber para facer o estudo económico financeiro que legalmente é necesario facer para xustificar o valor da propia taxa. En definitiva, o BNG está de acordo cos termos da moción pero non convén abrir unha falsa expectativa sobre os efectos económicos inmediatos por todas as razóns expostas. Está claro que os galegos sendo produtores desta enerxía pagamos o mesmo que os demais sendo consumidores, non só eso, senón que a maiores pagamos o transporte desa enerxía producida. Por eso, o BNG defende que o compromiso das empresas eléctricas con Galicia tería que ser moito maior para xerar unhas mellores condicións económicas. En definitiva, hai que estar moi seguros de que a ordenanza que, no seu caso se poidera aplicar, ten que ter a plena seguridade xurídica porque do contrario os custes xudiciais fronte a un posible recurso contencioso pode ser moi custoso. Pódese facer un estudo e un traballo conxunto cos grupos municipais e, se froito delo, convén aprobar unha ordenanza, o BNG estará completamente de acordo, pero se resultase que non hai condicións para poñer en marcha a ordenanza con garantías o grupo de goberno entendería que non sería útil facelo.

Polo grupo municipal do Partido Popular non hai intervencións.

O Alcalde resume a posición do grupo de goberno sinalando que coinciden no obxectivo pero antepón as cautelas xa sinaladas en canto ao complemento técnico que hai que buscar, asesoramente xurídico, e ver a viabilidade. Poderíase marcar como horizonte de traballo este exercicio para estudar a fondo compartivas con outras ordenanzas, estudar a fondo os percorridos que teñen no termo de Allariz as liñas de alta tensión para establecer as afectacións do dominio público local e, en base a estes estudos, decidiríase a conveniencia ou non da ordenanza local.

Coas cautelas sinaladas polo alcalde, sométese a moción a votación co seguintes resultado:

Votación	Nº de votos	Grupo político
SI	9	PSdeG-PSOE (1) BNG (8)
ABSTENCIÓN	2	PP

Queda aprobada a moción.

7. Rogos e Preguntas.

7.1 O grupo municipal socialista de Allariz, mediante escrito de data 24.03.2017, núm. 977, presentou as seguintes:

1ª. A Resolución do 24 de febreiro de 2017, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 14 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, dentro do Plan específico extraordinario de investimentos destinados á mellora de infraestructuras e equipamentos nos concellos de Galicia, sinala que lle conceden ao Concello de Allariz 35.000 euros.

En relación con esta axuda é preciso coñecer a que vai dedicar o equipo de goberno esta aportación económica e o prazo de execución da mesma.

Responde o alcalde sinalando que a resolución citada o que fixo foi publicar as axudas concedidas no ano 2016 que o concello xa executou con destino á renovación da traida da auga veciñal que había en A Quinta e As Pegas. As obras tiveron un custe aproximado de setenta e un mil euros dos cales trinta e cinco mil se corresponderon con esta subvención que era do 80%, sen o IVE e a maiores houbo que facer unha fosa séptica.

2ª.- En relación coa Resolución do 3 de marzo de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2017, no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas, vai o Concello de Allariz solicitala, e cales serán os obxectivos da mesma?.

Responde o alcalde sinalando que os concellos de menos de 20 mil habitantes temos unha serie de limitacións na financiación local porque aos concellos de mais poboación, o coeficiente que se utiliza é mais baixo, polo mesmo non podemos pedir axudas directamente á UE, por eso en Ourense á única que tramita estas axudas é a Deputación Provincial e mesmo tamén temos unha limitación por número de traballadores, neste caso o mínimo é de 200 traballadores. Por eso o que fai o concello é adherirse ao plan agrupado que presenta a Deputación Provincial. Para este ano pedíronse algunhas especialidades en materia de medio ambiente e tamén nos adherimos e facemos uso dos acordos que a Fegamp ten coa Escola Galega de Administración Pública.

3ª.- Fai uns días publicouse a Orde do 8 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2017.

¿Ten pensado o equipo de goberno do Concello de Allariz acollerse a esta orde de subvencións?

Responde o alcalde sinalando que se ten feito todos os anos, tamén se vai facer este ano, neste ocasión xuntamente cos concellos de Taboadela e A Bola, porque polo menos hai que ter cincocentos desempregados, se ben noutros anos non se ten recibido esta axuda. Seguirase intentando, de igual xeito que se se fará a solicitude do obradoiro de emprego para 20 traballadores xunto con Taboadela, A Bola e Vilar de Santos.

4ª.- No mes de febreiro pasado a ONG Amnistía Internacional fixo chegar un escrito no que demandaba do noso Concello aberto, xeneroso e solidario, ponerse ao dispor da Secretaría Xeral de Emigración e Inmigración da Xunta de Galicia para acoller as persoas solicitantes de asilo e refuxiados.

En relación con esta cuestión que é a vergoña da vella Europa, é preciso coñecer cal é o número de prazas e en que condicións se facilitarán as mesmas para o acollemento, tentando achegar un gran de area dende a nosa sensibilidade, o respecto polos tratados e acordos internacionais e o compromiso cós dereitos humanos, neste días tan violentados.

Responde o alcalde sinalando que, coincidindo nos obxectivos expresados na pregunta e tamén en que o primeiro sería que pararan as guerras imperialista que están obrigando a todas estas perosoas a saír do seu país e non poder vivir e traballar neles con dignidade o grupo municipal de goberno fixo unha oferta para acoller a tres familias en algún dos aloxamentos municipais, ou ben, se fora preciso, en función do perfil das familias que no seu caso viñeran buscando outras solucións, pero hai que ter en conta que ésta é unha competencia do Estado e da Xunta, e neste tempo non se ten recibido indicación algunha. Únicamente se ten noticia dos caos que se teñen derivado á comarca de Valdeorras e polo tanto estamos á espera de que haxa unha proposta nise sentido.

Despois deste relatorio de preguntas e respostas, sinala o alcalde que na vindeira sesión serán os grupos quenenes den conta das preguntas presentadas por escrito e o alcalde dará as respostas que corresponda.

7.2 Oralmente, o **grupo municipal socialista de Allariz**, formula as seguintes:

7.2.1 Ónde está previsto o remate das obras da senda peonil na OU-320 na súa marxe dereita?

Responde o alcalde sinalando que hai unha pequena dificultade. O orzamento da obra fai que non chegue ata o límite coa estrada de Santa Mariña e polo tanto hai un pequeno tramo sen realizar. Aproveitando a visita da Conselleira trasladouselle esa inqueda e a posibilidade de colocar pasos elevados para limitar a velocidade porque as boas condicións da vía fan que os vehículos entren con demasiada velocidade, e polo tanto entendiamos que nese tramo debían realizarse obras de pasos elevados como se fixo en Emilia Pardo Bazán. Pedíuse tamen unha poda en altura das árbores que hai na zona para evitar que sigan medrando por encima dos tellados e ofreceuse a posibilidade, inicialmente aceptada, de facer a cesión do tramo mais urbano ao concello despois de facer estas actuacións que se indicaron, de igual xeito que antes se cedeu o tramo de Emilia Pardo Bazán. Estase nesta negociación, sinala. Faráse o seguimento oportuno para ver se se pode rematar este tramo. Tamén se valorou a posibilidade de que os veciños de Outeiro podan utilizar o acceso a Allariz pola vereas, polo antigo camiño de Outeiro, que ten menos tráfico e polo mesmo mais seguridade viaria, e polo tanto sería unha alternativa en tanto non se remata ese tramo peonil.

7.2.2 No diario La Voz de Galicia dixital de 4 de xaneiro afírmase que no núcleo de Penamá a auga non chega para o pobo. ¿A qué deben os problemas de escasez de auga en Penamá e de qué maneira ten previsto o concello solucionar os se é que tiña coñecemento destes problemas?

Responde o alcalde sinalando que, puntualmente, no pobo de Penamá ten dado problemas un pozo artesán de abastecemento que hai alí. Hai que ter en conta que Penamá ten agora unhas cinco casas habitadas. O concello tiña suplido esas carencias aportando auga potable desde o propio concello e estase estudando unha fórmula, porque Penamá optou no seu día por ter fontes

para o regadío, pero hoxe en día, dado o envellecemento da poboación e tamén limitación do número de habitantes, estanse abrindo negociacións para ver se algún dos manantiais poideran incorporarse ao depósito existente, antes que volver a facer un pozo de barrena que ten un maior consumo eléctrico e pode dar eses problemas. Con todo, ten que dicir que, salvo eses casos puntuais, non ten habido dificultades este ano.

7.2.3 Posibilidade rehabilitación dos diversos canastros que ten visto en algunhas zonas do nos rural especialmente chamoulle a atención o de San Martiño de Pazoo, e sería interesante ver qué tipo de axudas ou cómo se podería ver de rehabilitar este tipo de elementos singulares que hai en mais zonas do rural.

Responde o alcalde sinalando que éste é un dos patrimonios protexidos polo PXOM pero que, tendo todo o interés municipal, hai que ter en conta que son de carácter privado, e os propios veciños poden contar con esas axudas, pero lamentablemente a actividade no medio rural teñen caído ata o nivel que moitos deles teñen quedado abandonados. Tense producido en algún ámbito tramitacións de axudas que ten convocado a Xunta de Galicia en anos anteriores pero o concello ten priorizado a rehabilitación de infraestructuras de carácter colectivo como fontes, lavadeiros, fornos, e polo tanto non teríamos capacidade neste momento para financiar algunha destas intervencións que, por outra parte, son de obrigado cumprimento para os propietarios o seu mantemento, pero tamén entendemos que se teñen un valor etnográfico haxa unhas axudas para o seu mantemento. O Concello estará atento para coñecer se hai algunha medida de subvención por parte da Xunta para a recuperación deste patrimonio para trasladarlle a información aos propietarios, pero lamentablemente nas prioridades que temos de gasto o concello neste momento non tería capacidade para facer unha oferta. Podemos, en todo caso, estudar o caso en anos sucesivos; podería ser unha fórmula tamén, aínda que son materiais que teñen un custe elevado en láminas de madeira e habería dificultades para conseguir a rehabilitación do amplo número de canastros existentes. Pero alomenos aqueles que estiveran nos lugares mais senlleiros ou que tiveran unhas características de protección mais alta podería abrise unha liña de actuación destas características para manter os núcleos con esta aparencia.

Por último, antes de levantar a sesión o alcalde, en relación co Rexistro da Propiedade, congratúlase de que se manteñan as oficinas en Allariz agrupando as prazas de Bande e Celanova. Con independencia de seguir defendendo a existencia dos rexistros da propiedade nos lugares mais próximos aos cidadáns, considera o alcalde unha boa nova que Allariz sexa sede do Rexistro da Propiedade da nova Agrupación porque é un recoñecemento do incremento da poboación e da actividade económica que ten tido Allariz que lle permite manter o Rexistro da Propiedade e ser cabeceira da Agrupación.

E non tendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vinte horas e corenta e sete minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO